



**PREMIOS**  
**POESIA e NARRATIVA**

---

*Manuel-Crestes Rodríguez López*



## LEMBRANDO A UN ETERNO EMIGRANTE

Ó preparar esta nova edición dos traballos gañadores do 3º Certame Literario MANUEL ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ véñenme á mente un sen fin de lembranzas da miña relación co Poeta-Labrego-Obreiro, Mestre e amigo.

Dende o final da década dos setenta, agosto tras agosto, ano tras ano, Manolo regresaba da súa “denunciada” emigración ó encontro coas súas raíces, coa súa terra Nai e Señora. Embebíase no zume das árbores, no verde dos prados, na cerna dos carballos, mergullábase no espírito do pobo, eu coído que aquí osixenábase, diría que case dun xeito sobrenatural.

Eran habituais as viaxes polo Concello, acompañados por algúns amigos: D. Anxel Fole, Benxamín Andrade, Blanco Castro, Víctor L. Villarabid, Xesús Mato entre outros. Nunha destas viaxes, acompañados por Víctor L. Villarabid, dirixímonos ás Ribeiras do Miño, visitando o Mosteiro de San Facundo e a Ermida da Penarredonda, onde Manolo, coma sempre, nos deu unha lección maxistral da historia destes lugares, á vez que amosaba a súa mágoa, por ver como todo un Monumento Nacional (declarado en 1982) sumíase nunha ruina irrecuperable.

Manolo co seu “saber facer”, deixou cae-lo grao da semente, dando ideas e proxectos, sobre unha posible restauración de tan importante conxunto monacal, o mesmo en Penarredonda, propoñendo a recuperación da Romería da Nosa Señora, á vez que demandaba a construción duns bos accesos.

Hoxe, véspera da Romería, miro ó ceo na procura dunha sorriso cómplice do “Eterno Emigrante” ó ver que a súa semente despois de case quince anos xerminou e son realidade os seus proxectos. Gracias Manolo.

Ó saír ó público os traballos gañadores deste III Certame, e abrir unha nova convocatoria, quixéramos agradecer moi expresamente a participación de tódolos concursantes, e expresarlles a vontade de seguir mellorando o Certame. Así, na próxima edición aumentarase o xurado coa inclusión de dous escritores, un en narrativa e outro en poesía. Tamén se propoñerá a fixación dunha data concreta para a entrega do premio, data que sen dúbida terá un referente na vida do noso Fillo Predilecto.

Unha felicitación ós gañadores D. Esteban González Alonso e D. Xabier Castro García en Poesía e Narrativa respectivamente así como ós tres accésits concedidos polo Xurado a D. José Ricardo Vélez Vázquez, Dna. Rosa Aneiros Díaz e D. Pedro Rielo Lamela.

Eu quixera rematar cun recordo agarimoso a quen tivemos e temos ó noso carón a pesar de ser o “Eterno Emigrante”. Segue valendo aquel dito dunha das súas poesías que dicía: “Por hoxe déixote pero non coides, Xaniño, que xa ten rematado, o meu cantar”. ¿Profecía quizais?

Paradela, véspera da Nosa Señora da Penarredonda.

O Alcalde

Xosé Manuel Mato Díaz

## MANOLO RODRIGUEZ, XENEROSO E BO

Xeneroso e bo. Non sei porque se adoita a fórmula de “bo e xeneroso”. Se non é anterior, seguro que procede do poema de Cabanillas adicado a Castelao na súa morte:

“Morreu do mal dos bos e xenerosos:

¡morreu de amor á terra!

Manolo Rodríguez López, Manolo de Paradela, tiña eses males: Era bo e xeneroso, e tiña un amor á terra dos que non se poden conter no peito.

Por eso en vida sufriu atrancos: porque era demasiado bo nun mundo no que a loita prima sobre a convivencia; porque a súa divisa era demasiado sincera, demasiado aberta, demasiado boa.

Por eso agora, desque se foi, queda en nós tan fonda e grata lembranza. Por eso Manuel Rodríguez López segue vivo en nós para tódolos que tivemos a ledicia de disfrutar da súa amizade, do seu maxisterio, do seu exemplo. E algúns dos seus amigos témola ledicia de poder participar nesta fermosa iniciativa do Concello de Paradela -presidido por outro amigo de Manolo- que cada ano volve poñer de actualidade ó escritor e ó home; ó nativo de Paradela.

Xeneroso e bo, Manolo Rodríguez. Encaixa á perfección co que Cabanillas quería. Mamolo era -é- dos que merecían que os tempos fosen chegados, para vivir na Galicia do porvir. Pero fan

falla moitos coma el para que esa Galicia naza, medre e sexa realidade.

Porque Galicia só pode xurdir dos bos e xenerosos, dos xenerosos e bos que vivan no amor á terra, que morran no amor á terra.

Ogallá que esta causa de morte -o amor á terra- complementaria a calquera outra causa se prodigue, e cando -como dicía Lorenzo Varela- “aremos sobre os mortos desta terra” se produza unha colleita como a que Manolo soñou e que tanto traballou por conseguir.

Descansa en paz, Manolo Rodríguez López, morto de amor á terra, xeneroso e bo, sempre vivo en nós.

Xulio Xiz.

## BASES

*PRIMEIRA:* Establécense un Premio de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Poesía e outro de 50.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de Narrativa.

*SEGUNDA:* Os relatos terán unha extensión de cinco a oito folios. En ámbolos dous casos, escritos a máquina a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

*TERCEIRA:* O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o quince de decembro de 1996. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada apartado por separado, utilizando un lema propio en cada caso e presentando a obra por separado.

*CUARTA:* O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

*QUINTA:* As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicarlas.

*SEXTA:* O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data que se fixe polo Excmo. Concello.

*SEPTIMA:* Os traballos non premiados poderán recollerse ata o día trinta de decembro de 1997. Os que non foran reecollidos destruíranse pasado este prazo.

*OCTAVA:* A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é de exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Paradela, setembro de 1997.

# FALLO DO XURADO

## Acta de constitución do Xurado «III Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López»

Reunidos no salón de sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas do día vintetrés de xaneiro de 1998. O Xurado designado para o fallo do «III Certame Literario Manuel-Orestes Rodríguez López», formado polos señores:

- D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela).
- D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo).
- D. Xesús Mato Mato (Sacerdote, escritor e musicólogo).
- D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista).
- D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado).
- e D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, Secretaria do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Examinados os traballos presentados, o Xurado acorda por unanimidade:

**PRIMEIRO:** Otorgar o Premio de POESIA, a **D. Antonio Esteban González Alonso**, pola obra titulada "HISTORIA DE MARIA SOLTE-RA".

**SEGUNDO:** Otorgar o Premio de NARRATIVA, a **D. Xabier Castro García**, pola obra titulada "NOITE NO DOLMEN".

**TERCEIRO:** Otorgar, debido á calidade das obras presentadas, un Accésit na modalidade de Poesía e dous na de Narrativa:

Accésit de POESIA, a **D. José Ricardo Vélez Vázquez**, pola obra titulada "CONTINUA HABENDO HISTORIAS REPETIDAS UNHA E OUTRA VEZ E DAS QUE O HOME SEGUE SEN DEPRENDER NADA".

Primeiro Accésit de NARRATIVA, a D<sup>a</sup>. Rosa Aneiros Díaz, pola obra titulada “NOITE NEGRA. TRAXEDIA EN DOUS LANCES”.

Segundo Accésit de NARRATIVA, a D. Pedro Rielo Lamela, pola obra titulada “O AGASALLO”.

MANUEL ORESTES

RODRIGUEZ LOPEZ

POESIA



PREMIO

MANUEL-ORESTES  
RODRIGUEZ LOPEZ

POESIA

1957 - 1958

## HISTORIA DE MARIA SOLTERA

Lema: Bisbarra.

María era soltera y no tenía  
un techo que albergase sus silencios.  
(Decían, por el pueblo, que María  
hablaba por la noche a las estrellas).

María era sencilla. Era humilde.  
Sus pechos, antes firmes, se agostaban,  
ansiosos de sentirse entre dos manos,  
más presos que palomas entre rejas.

María estaba sola. No tenía  
más techo que los aires y el adobe;  
más panes que el centeno que amasaba  
con agua de la lluvia y de la espera.

María era soltera. En el pueblo  
llamaban a María soñadora.  
Reían cuando ella iba descalza  
contando, entre las nubes, las estrellas.

Los perros le ladraban y María  
tenía para ellos, siempre, un gesto  
y, acaso, un mendrugo de pan duro,  
hurtado de sus labios, a la cena.

María fue soltera porque quiso.  
Porque alguien le quitó de entre los brazos  
al mozo que llenaba con palabras  
las noches más calientes en las eras.  
María era suspiro cada tarde.  
Miraba al horizonte y sonreía.  
El fuego del recuerdo la abrasaba  
y el agua suspiraba en las aceñas.

La historia aún dice más de esta María  
-soltera- os lo juro. Y era virgen.  
Las noches en el campo no tuvieron  
sabores de pecado, sino penas.

La Historia de María es muy sencilla,  
silencios, soledades y recuerdos  
y un mozo, una guerra y las campanas  
-cuchillo en la distancia- y en la ausencia.

Dejadme que la cuente y le dé forma,  
sencilla como ella, que María  
sigue aún latiendo en mis recuerdos  
y es agua, aire y luz en mis querencias.

## II

María, era soltera, ya os lo dije.

Nació, yo no sé cuando. No recuerdo

el nombre de sus padres ni sus años.

Trigales y amapolas la mecieron.

Las tardes de María eran sudores:

la fuente, las ovejas, el centeno

-grano a grano- -uno a uno- en una artesa.

Las noches de María, padrenuestros

que, siempre, alguien moría en una casa

dejando entre las gentes hondo hueco

y allí iba María, con los hombres,

oyéndose su voz entre los rezos.

La tarde era el río. Se llevaba

el agua -que no ella- entre sus dedos.

La tarde era María, airosa, cuando

volvía, fatigada, del barbecho.

Las calles polvorientas de la aldea

sabían de su paso y sus silencios.

(Las piedras de las calles aún conservan

sus huellas indelebles. Su recuerdo) .

Escribo esta historia, amigos míos,

ahora que María es sólo un eco.

### III

María fue mujer y como otras  
también tuvo, al amor, el pecho abierto.

María fue una espiga bien granada  
y supo de palabras y de besos.

Y supo del amor como las otras  
- también del desamor- y del deseo  
batido en retirada mas no vencido,  
razón de sinrazón. Sangre y aliento.

No supo aquella moza que los mozos  
hablaban de María con respeto.

Y nadie poseyó, como quería  
la flor en galanura de sus pechos.

María fue la roca incommovible.  
Ocultos ruiseñores en su cuerpo  
volaban por sus ansias contenidas  
trinando melodías en sus pechos.

Y supo de gemidos que dolían  
al verse hecha mujer frente al espejo.

María era amor. Y fue soltera  
-que , Amor, es un suspiro o un silencio-  
María le fue fiel a las ausencias  
sin ver que iba, de moza, envejeciendo.

Y fueron ya dos flácidas palomas  
los dulces almendrucos de sus pechos.  
María fue soltera. No hubo hombres  
que hablaran al oído de secretos.

La guerra se llevó tantos afanes.  
!Con ella se llevó todo aquel tiempo  
de amores, desamores y memorias  
vencidos tras tres años de un mal sueño...! :

María se murió siendo soltera.  
Dejadme que la cante en estos versos.  
Que ponga un epitafio a su memoria  
que es carta a María. O quiere serlo.

Y en forma de remite solo un nombre:  
el mío y a pecho descubierto.

ACCESIT

MANUEL-ORESTES  
RODRIGUEZ LOPEZ

POESIA

## UNHA HISTORIA REPETIDA

Cartas de amor surcando o río Neretva  
son doces, sen rancor, sen mancha.

Nada no mundo acontece.

Planeta de dúas persoas.

Falan do moito que te quere, Zoran.

De súpeto un raio no ceo,  
maxia negra de alquimistas infernais.

Todo sucedeu moi rápido.

Pais matando ós seus fillos,  
irmáns disparándose á nuca,  
nenos violados ultraxando ás irmás.

Sí, falaban do moito que te quería, Zoran.

Emboscada nun mercado de Saraxevo.

Cuadros surrealistas se debuxan na rúa.

Ós pintores gústalles o vermello,  
é o seu cor predilecto.

Unha muller morre, era bosnia, chamábase Anitta.

Cartas de sangue surcando o río Neretva,  
tan noxentas, cheas de rancor.

Acontecen tantas cousas no mundo,  
un planeta e demasiada xente.

Falan do moito que te quere, Anitta.

Xamáis permitirá que che fagan dano.  
Os demáis non importan, só no-los dous.

De súpeto, un trono rompe o silencio,  
bacanal de destrucción, orxía de morte.



Ninguén sabe como sucedeu.  
Todo é un sono, non pode ser real, dixo él.  
Un rapaz apuñala ó seu mellor amigo,  
un cura que asasina a Deus,  
unha nena que afoga súa boneca.  
Emboscada nun mercado de Saraxevo.  
Un soldado servio ametrallando,  
persoas asustadas fuxindo;  
chamábase Zoran.  
Cartas surcando o río Neretva,  
falaban, falaban.....

Lembro:  
Aquela vella casa de pedra  
fundiad nun mar de vales.  
O melancólico fluir do río  
entre as árbores,  
ésas nas que xogabamos de nenos.  
Camiños de auga no inverno,  
semellando unha Venecia florida.  
Ondas de vento no verde naufraxio dos campos.

Xogos infantís, inocentes,  
troula de mozos polas festas, ledos.  
Compañeiros fieis en mil batallas,  
calados confesores en mil segredos.  
Dando sempre o mellor deles,  
lendo no mesmo libro, das mesmas páxinas.

Carne dun só corpo,  
espello da miña alma.

Unha moza loira, calada,  
magnética, intrigante, doce,  
indescifrable, eternamente máxica,  
altiva, soñadora, elegante.  
Durmida na almofada do meu peito,  
tapada nas sabas do seu cabelo.  
Única illa do meu oceano,  
única estrela no meu ceo.

Lembro:

A nai que cuida ó seu neno  
como ninguha outra no mundo.  
Nai ou tamén pai,  
por un home perdido  
na noite de pedra da emigración.  
Xestos de ira, xenreira, frustración.  
Cuspindo na absurda lei  
que arrebatoulle-lo fillo.

Centos de rapaces asustados  
escoitando unha linguaxe estúpida,  
nauseabunda, aterradora, PORCA.  
Centos de homes angustiados  
impoñendo o dialecto da forza.

Irmáns en armas  
cas mans tinguidas de sangue.  
Corazóns desfeitos para sempre.

O ruído do primeiro balazo.  
A mirada abafante daquela nena  
abrazando ó pai morto no chan.  
Un soldado de quince anos apuntándome,  
perecendo, vítima do meu fusil.  
Multitudes fuxindo daquel mercado,  
esperpéntica representación teatral.  
Unha imaxe impresa na mente,  
feridas que non cicatrizarán:

Vexo á moza loira, calada,  
magnética, intrigante, doce,  
eternamente máxica, AGONIZANTE;  
era bosnia, chamábase Anitta.

Lembro as cartas enviadas,  
surcando o río Neretva.....

PREMIO

MANUEL-ORESTES

RODRIGUEZ LOPEZ

NARRATIVA

## NOITE NO DOLMEN

Por Mario Albis.

Ollou ó ceo. Ía escurecendo paseniñamente. E isto, que xa era de por si inqueda, semelláballe agora máis perigoso do que supoñera nun principio, cando tomou a decisión de separarse dos demais integrantes da excursión. Ós dezasete anos fanse moitas tolerías, pensou, mais non como excusa, senón dun xeito autoafirmativo e seica irremediable, a derradeira proba antes da metamorfose, do paso ó que el debía ser, ó que precisaba ser. Si, si escurecía; e tamén, si, ós dezasete anos fanse moitas tolerías. Estes pensamentos enchían o seu caletre, namentres seguía o seu cada vez máis enfebrecido camiñar, pisando con forza aquela rala vexetación, escollendo aqueles treitos donde medraban os toxos para meterse entre eles e facer así máis meritória, se era posible, a súa teima, a ruptura co rapaz que xa non desexaba ser, sufrindo a dor daquelas prantas do desprezo coma necesario tributo ou penitencia, para convencerse de que nada podería apartalo da súa decisión, facendo daquela erma paraxe o seu particular monte das oliveiras, esceario natural do cambio, do ritual de iniciación por el escollido e matinado, e agora ledamente cumprido. ¿Ledamente?. Non, non, as dúbidas xa as esperaba, non caería no seu veneno, na vergoña da rendición, non podía, non debía sucumbir ante as tebras que o cercaban irremediabilmente, ante a friaxe que aínda domeñaba as noites do maio naquela paisaxe costeira, donde había miles de anos os seus devanceiros, os seus admirados celtas, viviran no esplendor no que el os maxinaba.

Precisamente fora aquel o motivo da saída, xunto cos seus compañeiros de Instituto, a aquelas terras que se lle ían facendo máis ameazadoras ca fuxida do sol. A xeira lonxe das aulas, dos libros e das saídas á pizarra era para tódolos rapaces un motivo de ledicia, sen excepcións. Nembargantes, para el significaba aínda algo máis. Case non puidera crer o que escoitara unha semana antes, cando o mestre que facía as veces de tutor do seu curso lles comunicou a nova da excursión. Nun principio, non a achou en exceso interesante, só un día sen clase, nada máis, pero ó coñece-lo propósito da mesma o seu corpo non puido evitar un estremecemento: ían visitar un castro celta, un dos poboados milenarios que constituían o fogar daqueles homes que desde había moito tempo ocupaban un lugar de honra no seu corazón e no seu maxín. Ó fin coñecería in situ o marco xeográfico das vivencias, dos sufrimentos, das loitas incluso dos heroes da súa xuventude,

que só a el lle pertencían, pois só el sentía aquela paixón, aquela case adoración polos antigos donos da terra na que vivía; ninguén compartía os seus debezos, as súas angurias, a fascinación que lle procuraban aqueles homes e as historias que protagonizaran nun pasado que agora tiña a oportunidade de contemplar cos seusollos cheos de curiosidade e sen prexuízos.

El sentíase un ser especial. Único. Incluso un escollido para alguha empresa aínda non albiscada. Sabía que era distinto. Non aturaba moitas das facetas que os seus compañeiros de estudos e idade tiñan por necesarias. As súas inxedanzas eran doutra especie. Sabíase intelixente, mais procuraba non destacar, a súa experiencia dicíalle que na mediocridade atoparíase máis protexido contra o que desprezaba: a envidia, a competitividade, os ciumes, o rexeite dos demais, incluso a violencia que podería esperar daqueles outros que non tiñan outra cousa para os afirmar como persoas, triste paradoxa. Pero chegou aquel intre no que non podía aturar máis. Comezaban a afogalo aqueles rapaces e rapazas que non o comprendían, que o tiñan por raro, cando non utilizaban calificativos máis crueis. Decatouse de que naquel ambiente non podería medrar, que sucumbiría de non poñerlle remedio o máis axiña posible. Precisaba unha saída, unha excusa, un sinal que todospuideran comprender e aceptar. Mais non era doado. Sería necesario facer algo tan trascendente que non deixara lugar a dúbidas, que involucrara ós seus pais, ós mestres, ós compañeiros incluso. Algo que os espertara á súa realidade como ser autónomo, especial. Así decidiu a fuxida. Tan só unha noite.

A excursión otorgáballe a oportunidade que ansiaba. E ademais, naquel espacio tan cheo de significado. Mesmo semellaba que o Destino lle dba a súa conformidade.

Deste xeito, só foi preciso esperar un intre oportuno. Cando o autobús detivo a súa marcha naquela estrada secundaria, e os rapaces baixaron cun rebumbio non por esperado menos desacougante, el atopouse de cheo metido nunha aventura que xa non podería esquecer. Esperou pacientemente a que ó longo do día se sucederan asd camiñatas e as explicacións dos mestres, os relatos que xa coñecía sobradamente dos usos e costumes dos moradores daquelas casas de pranta circular, e as lendas e seguridade4s históricas das fazañas que acometeran, así como conversas triviais dos seus compañeiros, interrompidas en ocasións por preguntas que a el se lle antoxaron parvadas, ocorrencias da ignorancia daqueles paspáns.

Seguía ó grupo pacientemente, sen chama-la atención, ó lado do que podía considerar como o único amigo: un rapaz cheo dunha estrana vitalidade, a pesares do seu aspecto fofo e macilento, froito da súa alimenticia, e que o escollera como compañeiro de estudos, xa que non de xogos, ó decatarse da fina intelixencia, que de seguro podería aproveitar, que posuía o admirador dos celtas. Camiñaban nos últimos lugares daquela ringleira caótica, case sen escoita-las verbas dos mestres que abrían a comitiva. Mais non lle importaba. Ninguén sabís máis ca el daquel tema.

O sol xa superaba o seu cenit. Pronto pararían para xantar, ou así ó menos o esperaba o seu acompañante. Decatouse de que éste podería ser problemático para a consecución dos seus plans. Mais xa atoparía o intre de quedarse só, xa argallaría algunha excusa. Non podía preocuparse por problemas tan ínfimos. O peor chegaría cando notaran a súa ausencia, cando comezasen a buscalo, mais prefería non pensar nas consecuencias, só na fin que xustificaba toda aquela representación: a consumación dun ideal de persoa que só podería conquistar tras unha proba daquel calibre, por moi estrana ou estúpida, posiblemente loucura, que ós demais lle parecera.

Chegou o intre da inevitable parada para repoñer forzas. Cada un tría o xantar que as nais lles prepararan unhas horas antes. Os mozos e mozas espalláronse e buscaron a sombra dos piñeiros que medraban con peor ou mellor fortuna a unhas ducias de metros da beiramar. Comezaba a facer bastante calor. El e mailo amigo acomodáronse tras un muro que gardaba unha pequena leira sen cultivar. Non era moi alto, pero si o suficiente para poderen xantar sen preocuparse dos raios solares, que chegaban con forza ata aquel lugar. Sentados, apoiándose no parapeto, deixou que “o correcho”, como así o alcumaban os mangallóns do grupo, falase e comese, sen que puidera distinguir moi ben a separación entre ámbalas dúas cousas. Nun momento dado, aquel excusouse para face-las súas necesidades básicas, así as definía eufemísticamente, e de súpeto atopouse só, co xantar rematado e cunha medrante sensación de sono no seu interior. Agochou a cabeza entre os brazos e esperou durmirse, mais un ruído de pasos achegándose evitou o seu propósito. Supuxo que sería o amigo, que voltaba da evacuación, para para asombrarse ó levanta-los ollos e atopa-los dunha rapaza loira e fermosa que o fitaba con curiosidade.

¡Deus, como lle gustaba aquela moza! Era con diferenza a máis intelixente e atractiva da clase, para el prohibida debido á súa timidez e conseguinte falla de fama e consideración entre os escolares. Nen sequera

maxinaba que ela algún día se dignara falarlle. E agora aí estaba, de pé fronte a el, sorrindo dun xeito enfeitizante. Ela preguntoulle qué facía alí só, e se xa xantara. El quería contestarlle con inxenio e afabilidade, ou dicirlle algunhas verbas calquera, trivialidades acaso, mais só puido farfullar, cunha voz entre frouxa e agónica, que si, graciñas, e que prefería estar só, pois precisaba durmir. A rapaza non dixo nada, douse a volta e marchou por donde viñera. El ollouna, sen comprender por qué estivera alí, a conto de qué, seguro que para gastarlle unha broma, mais non puido evita-lo golpe da realidade: unha vez máis fora vítima daquela personalidade súa, tan infantil, tan medrosa, que lle impedía incluso manter unha conversa cunha rapaza, aínda que lle gustara. Fixera o parvo, outra vez. ¿E qué importaba?. Botouse a chorar, moi quedo e polo baixo ó principio, para ir subindo en intensidade ó lembrar tódalas ocasións nas que, coma entón, tivera que claudicar ante os demais, avergoñarse, humillarse, sufrindo en silencio a súa sensibilidade, aquela forza interior que non podía expresar nin comprender, e que ó mesmo tempo lle impedía segui-lo ritmo vital dos seus semellantes. Escoitou a voz do amigo, que o chamaba, e erguéndose con decisión botou a correr en dirección contraria, sen mirar atrás, esquivando as pedras e os arbustos que se interpoñían na súa fuxida. Uns minutos despois, xa máis calmo, detívose e ollou ás súas costas. Ninguén. Naquel intre decatouse de que non había volta atrás. ¡Fíxereao!. Sentiu medo, e para espantar aquel medo botou a camiñar de novo, pensando en cómo sería o día seguinte, unha vez que o neno morrera e o heroe celta voltara triunfante da proba irrenunciable...

A escuridade comezaba a dificulta-la vista dos contornos das cousas, que se facían irrealis, máis grandes ou máis pequenas do que nun principio podería supoñerse, e o cansancio contribuía aínda máis á ineficacia das percepcións. Desde a fuxida, estivera intentando escoita-las voces dos mestres e dos compañeiros, que de seguro agora o estarían buscando. ¿Ou seica non?. El era innecesario, pasaba desapercibido, só o seu amigo daría a voz de alarma, se é que lle facían caso.

Tolemias. ¡Claro que o botarían en falla!. Non se pode perder un rapaz así como así. Os mestres tiñan responsabilidades que non podían pasar por alto. Mais non escoitara o seu nome por ningures. De seguro, na súa tola carreira, alonxárase de máis do grupo. Podería haber moitos quilómetros entre el e os outros. Tería que atopar un lugar para pasa-la noite.

Non sería difícil. Aínda que facía frío, baixo as árbores atoparía un refuxio aceptable, ou iso cría el, pois nunha primeira tentativa, baixo un carballo, decatouse de que, ademais de incómodo, a única calor que contaba



era a do seu propio corpo. Buscou un sitio mellor, máis na escuridade, cada vez máis mesta, non era doado achar un espacio comfortable. Entón escoitou aquel ruído, chegado do ceo. O trono soou como unha traición, inesperada e oculta. A escuridade confundírase coas negras nubes, que agora cubrían lixeiras o ceo sobre a súa faciana, que as ollaba sorprendida. Unha grosa pinga caelle sobre a fronte, seguida axiña por outras, mornas e pesadas, de xeito que o imprevisto chuvasco, ou ó menos el esperaba que só fose iso, fíxo espabilar o suficiente como para discernir entre a chuvia que agora caía con intensidade unha mole escura e de certo ben tanxible, que algúns centos de metros á súa esquerda se levantaba sobre un pequeno outeiro, cuberto por fiekos e vexetación de porte escasa, xunto con algunhas árbores máis altas que medraban ó redor do que el supuxo nun primeiro momento sería un cortello, que desde había tempo se atopaba en ruínas. Correu cara aló, cubrindo a cabeza co lixeiro xerse que escollera para vestir aquel día, e a medida que se ía achegando á estrana construción o asombro e a inquedanza, nunha mistura inesquencible e case esvaecedora, comezaron a medrar e bulir no seu ser, sen oportunidade de comprende-las, namentres seguía correndo ata aquel dolmen que o arrepiaba e ó mesmo tempo o atraía, incapaz de detela súa carreira, e sentindo como o corazón lle latexaba dun xeito endexamais experimentado, esperando só poder resistir ata refuxiarse baixo aquelas pedras fascinantes e pantasmais.

O pulso seguía a ser irregular e rápido, respiraba con dificultade, e mantiña pechados os ollos naquel reducto no que se atopaba agochado, incapaz de explora-la escuridade que de seguro o arroteaba. Fóra, os fozonazos dos raios e o ruído dos tronos contribuían a acrecentar aquel medo sen nome, nunca esperado e descoñecido. Sabía perfectamente onde estaba, o suposto uso daquel monumento megalítico, e o seus arrepios eran tan profundos e frecuentes que semellaban levantarlle o corpo en cada intre que subían pola súa suorosa pel. De certo, aquela non era a proba que esperaba, de súpeto encontrouse cara a cara coa realidade, o mazazo que aquela increíble e desconcertante situación lle propinaba na súa conciencia, na súa vontade, que cría ata entón incommovible e indestructible. De novo, as bágoas regaron as súas meixelas, caendo naquela terra que el supoñía sagrada e que de seguro non desexaba a súa presenza. Pouco a pouco, nembargantes, a tormenta remitía, e asimesmo o rapaz foi recompoñéndose naquel recuncho aillado. Xa non tiña frío, e a grosa e longa pedra que facía de teito naquel enterramento colectivo mantíñao protexido da choiva, agora menos forte e máis intermitente.

Pasaron os minutos, e tan só un sentimento de ansiedade lle oprimía o peito, pero xa aquel medo nado nun oco ancestral do seu cerebro se fora esvaindo amodiño. A dicir verdade, pensou cando xa estaba máis calmo, aquela reacción non era lóxica, deixárase levar por sentimentos irracionais, aínda que no fondo sabía que non necesitaba explicacións ó seu comportamento. Ocorrera, iso era todo, e non lle había de dar máis voltas. Incluso se sentía ben, alí metido, arrimado contra a lousa que cerraba na parte traseira aquel monumento dos antergos. Deixou vaga-lo seu maxín, esquecéndose da fuxida, da posible búsqueda xa comezada, das razóns que o levaran ata alí e imaxinou-se a si mesmo contribuíndo á construción do seu improvisado refuxio, guerreiro celta forte e arriscado; druida sabio e poderoso cecais, dirixindo con maxestade aqueles homes rexos e bravos que levantaban o dolmen: máxico, imponente, fogar das almas dos homes mortos no combate... Non, non, este último pensamento volveuno á realidade. Mellor non pensar nesas cousas. Non podería atura-lo medo aquel de novo. Tentou cambia-lo curso dos seus pensamentos, pero era tarde de máis. Non puido evitar que voltaran as imaxes de ósos baixo o seu corpo, soterrados naquel chan sobre o que se sentaba, esperando que dun intre a outro a pantasma dun vello celta irado se lle aparecera para reclama-la súa vida en pago ó sacrilexio que estaba comentendo. Pechou os ollos. ¡Son parvadas!, berrou, para espanta-los inicios do pánico, apretando os dentes contra os seus beizos, ata que a dor e o sabor do sangue conqueriron recuperar de novo a súa psique normal.

Perdera a noción do tempo, xa non sabía cántas horas levaba alí. Era noite pecha, desde logo, e algunhas estrelas podíanse albiscar desde a súa posición. A treboada pasara. Non tiña sono. A verdade é que tampouco podería durmir alí dentro. Non é que fora incómodo, pero prefería aguantar esperto ata o abrente. Inconscientemente sabía por qué: tiña medo a que o acharan morto o día seguinte, sen causa aparente, sen explicacións plausíbles, vítima da vinganza dos deuses celtas. ¡Outra vez a mesma lería!, se dixo a si mesmo, máis agora con carraxe. Así non había xeito de cumpli-la súa promesa, o seu obxectivo, o que o levara ata aquela situación. El debía cambiar. Deixar de ser o que era, un neno choromicas e medoso, tímido, inseguro e sen dignidade. ¡Agora era o momento!. ¡Non habería outra oportunidade!...

En canto o atoparan, tería que aturar coa súa nova personalidade as emocións, os reproches, os sermóns, o castigo incluso que lle esperaba. Tería que facer fronte a todo iso co garbo e a apostura dun xefe celta, cheo de

seguridade en si mesmo, resistindo sen desfalecer calquer imprevisto. Imaxinábase xa nesa situación, sen rencores nin choros ou temor, sentíndose por primeira vez agusto na súa propia pel. Sorriu. Cecais fose doado, despois de todo. Desexaba que o novo sol saíra canto antes. Iría ó encontro dos que seguro o buscaban. Chegaría ata eles sen présa e elegantemente, como se non ocorrera nada, coma se voltara a casa tras un día de lecer na praia. Neste caso no monte, pensou, e rompeu a rir, sorprendido da sinceridade daquel xesto espontáneo. De vagar, foise decatando de que sería inútil resistirse ó sono, que ía entrando nos seus sentidos de xeito implacable. Ben, de seguro espertaría antes de que o atoparan. De tódolos xeitos, deuse a orde mental de face-lo antes da saída do Sol.

Naquela noite especial, os máis estranos soños, imaxes e ensoñacións encheron o seu subconsciente, cambiando esquemas, levando angurias e medos, e traendo novas perspectivas e formas de ser, espertando facultades e posibilidades durmidas, e asoballando pautas e normas de comportamento que xa non eran gratas nin necesarias, arrinconando nas partes máis profundas do cerebro as lembranzas máis negativas, que xa non tiñan razón de ser, ata que un punzante raio de sol feriulle os ollos a través das pálpebras, e se descubriu a si mesmo engruñado na entrada daquel megalito, coa cabeza fóra, exposta totalmente á radiación solar, e coas roupas cheas daquela terra escura e algo húmida na que descansara. ¡Santo Ceo!. ¡Canto durmira!. O Sol xa estaba moi alto no firmamento, a calor facíase dificilmente aturable, aínda que sopraba unha reconfortante brisa desde o mar, e os grilos cantaban arreo, namentres as vivaces lagartixas se entregaban a vertixinosas carreiras sobre as pedras requencidas.

Xa de pé, e unha vez o suficientemente limpos o pantalón e o xersei, decidiuse a face-lo camiño de volta, recorrendo de novo aquela paraxe por onde chegara ata o dolmen. Sentíase ben, non estaba canso, a pesar do duro chan no que durmira, nin siquera tiña fame, e unha estrana pero agradable vitalidade enchíalle o corpo, converténdose no seu corazón nunha inefable ledicia.

Levaba andando uns poucos minutos cando o ruído dunhas voces chegou ós seus oídos, facéndoo deterse. Escoltoou con atención. Non había dúbida: a uns metros á súa dereita, donde se atopaba un pequeno bosque de piñeiros e frondosas, sentíase o falar dun grupo abondoso de persoas. En calquera momento saerían dalí e o encontro produciríase. Veríano entón, e...

Endexamais atopou unha explicación eficaz ó sucedido aquela tarde. Cando os primeiros rapaces saíron da fraga e se cruzaron con el sen dirixirle a palabra, falando entre eles coma se nada, e cando os mestres que os seguían, de novo con explicación farragosas ó empollón da clase sobre a xeoloxía do terreo que pisaban, só se dignaron olla-lo e sorriron con displicencia, soubo que algo non estaba ben. Alí quedo, coma un espantallo, asistiu ó desfile dos seus compañeiros de excursión, algúns indiferentes á súa presenza, outros con ollos curiosos, coma se se preguntaran que a qué estaría xogando alí de pé, con cara de parvo... O fin decobriu a oronda figura do seu amigo, que semellaba un pouco asustado. Chamouno. En canto aquel o viu, botouse a correr cara el, con evidente ledicia, só un pouco empañada polo cansancio que aquela carreira lle producía.

Así, falando, xa máis calmos, soubo que “o Correcho” o estivera buscando, pois cando voltara da interrupción necesaria que o estómago lle esixira non o atopou á sombra do muro. Buscouno algúns minutos nos arredores, e ó final desistiu, preocupado certamente, máis non se atrevera a decirlle nada a ninguén, confiando en que aparecera dun intre a outro. E iso foi o que ocorreu, pois cando os mestres anunciaron que o xantar debía rematar, e que se dispuxeran a segui-la camiñata ata o destino final daquela excursión (o famoso dolmen, que el descoñecía), o seu amigo quedouse retrasado, para continua-la súa busca, ata que ó fin, ó salir da pequena fraga, descubriuno alí de pé, tras oí-la súa chamada... Mais, ¡iso fora a tarde anterior! ¡Xa pasaran vintecatro horas! O outro estaba desconcertado. ¿De que lle falaba?. A desaparición, a fuxida no serán, a treboada, a noite, ¿e todo aquilo?. ¿Que sucedera?. De súpeto, un pensamento cruzou a súa mente, unha intuición inexplicable encheulle a alma, e axiña se dispuxo a resolver aquela dúbida. Ollou o final do seu brazo. O reloxo dixital indicaba o día de onte. Non podía crer aquilo. Por iso ninguén o botara en falla; non habería busca, nin reproches, nin castigo... ¿Para que unha explicación?. El xa a tiña. Pasara a noite no dolmen, na compañía dos seus amigos, os devanceiros, que crearan para el un mundo sen tempo no que descubri-la súa verdadeira personalidade. E os demais non se decataran de nada, pois tamén eles sufriran aquel meigallo inesquecible, tan poderoso coma sutil. Pasoulle o brazo polos ombreiros ó compañeiro, e xuntos reintegráronse ó grupo. Sentía no seu interior unha forza insospitada, un sentimento de plenitude que chegaba ó último recuncho do seu corpo. Nembargantes, sabía que xa antes a posuía, mais non tivera o valor suficiente para face-la saír ó exterior. Estaba orgulloso de si mesmo, de aproveita-la única oportunidade que se lle ofrecería nun intre máxico, que el buscaba con verdadeira fe.

Comezou a falarlle ó amigo do lugar ó que se dirixían, do sublime dolmen que os esperaba, do esforzo que supuxo erguelo, da teima que mantiña aquela raza coa Natureza na que vivían, da reciedume e dignidade coa que facían fronte ós perigos que os acometían, e coñecendo a dor que aquel amigo agochaba no seu corazón, decidiu falarlle tamén da maxia celta que o axudaría, ... cunha voz poderosa e segura, con verbas fluíntes e certeiras, belidas e apaixonadas; froito dunha nova conciencia, dunha vontade renovada, dunha metamorfose escollida e desexada, refrendada por aqueles que aínda ocupaban un lugar de honra na memoria colectiva dos seus herdeiros, dos galegos descendentes daquel pobo indomeñable e ceibe.

1º ACCESIT

MANUEL-ORESTES  
RODRIGUEZ LOPEZ

POESIA

## O AGASALLO

O carteiro sempre chama dúas veces, pero á porta da miña casa chamaban unha e outra vez. Abrín e atopei cun home que, con bos modais, me rogaba insistentemente que lle asinase un papeliño para poder entregarme un paquete.

-Se fai o favor, asine axiña.

-¿Ten vostede moita presa?- pregunteille.

-Si, é que hoxe é sábado e os sábados xa sabe...

Non sabía moi ben o que acontecía cos sábados, pero asineille a wscope e collín o paquete. Deixei no ó carón da porta e marchei para a sala onde estaba a ver un partido de fútbol, non fose ser que lle marcasen algún gol ó meu equipo. Coa emoción do xogo esquecínme do envoltorio. No descanso fun por unha cervexa para refresca-la gorxa. No camiño cara á cociña dei co paquete, pero non lle prestei ningunha atención, estaba distraído polo fútbol e non me preocupaba, nin pouco nin moito, o que podía haber no interior dunha simple caixa.

O partido rematou. Como era costume, nos últimos meses, perdera o meu equipo. Entón, lembreime do carteiro e de que me trouxera algo. Fun ata a entrada e quedei parado; cavilaba: ¿que podería haber naquel maldito vulto; Se cadra, era o típico agasallo de Nadal, xa que esas festas estaban moi próximas. Quen sabe, ó mellor alí dentro había un capón de Vilalba, un pavo ben cebadiño ou quizais un queixo da alta montaña lucense ós que Cunqueiro, o alquimista das palabras, lles outorgaba propiedades curativas. Ademais neles condensábase a esencia paisaxística da terra: a herba na que pacen as vacas, a choiva que reverdece os pastos e o vento que peitea os penedos. Estaba convencido de que o queixo debería ter un sitio na Real Academia Galega.

Agucei o nariz e decateime de que alí non podían estar eses estimados manxares, o que era unha auténtica mágoa. A posibilidade de que se tratase de algo comestible desboteina, porque aquilo non cheiraba a nada. Xa non quedaba xente xenerosa que se compadecese da feble alimentación que estaba recibindo dende que me deixara a miña muller. A esperanza de comer de forma axeitada durante uns días esvaeceuse coma un soño, polo que tería que seguir comendo salchichas, hamburguesas e comida enlatada que me

revolvía as tripas. Seguín a matinar. ¿Trataríase dun regalíño dos meus alumnos do instituto? Os exames estaba ó caer e algún pode que quixese ter algunha atención comigo. Pero a verdade é que, moi ó meu pesar, nunca tentaron influir no meu ánimo. Supoño que sería porque nin con ameazas de que ía suspender toda a clase, conseguía asustalos. Ó final, en solidariedade comigo mesmo, polo meu pasado de mediocre estudante, remataba aprobándoos todos. Polo tanto, o suborno tamén o desbotei. Iso, tería que producirse máis ó redor da aristocracia dun profesor universitario, que á da dun humilde profesor de instituto.

Continúe ollando o paquete, collino coas dúas mans e sorprendeume o escaso peso en relación co seu tamaño. Erguino ata a altura dos ombros e quedei fitando a súa parte inferior, coma se así puidese ve-lo que había dentro, pero por desgracia aínda non posuía o fascinante poder de ve-lo interior das cousas pechadas que a visión normal non é capaz de descifrar. ¡Canto podería facer con ese poder!

Cando estaba a piques de abri-la caixa, soou o teléfono. Sempre ten que chamar algún inoportuno cando un menos o desexa.

-Si, ¿quen é?

-Son Rosa. Chamábao para saber cando...

-Si, si. Non escoito nada, semella que hai interferencias.

Non había tales interferencias, pero ese foi o único recurso infantil que se me pasou pola cabeza para librarme da dona do piso no que vivía. Cando me atrasaba un pouco en pagarlle, xa a tiña enriba amolándome a miña plácida existencia. Aínda que desta vez as súas esixencias eran un pouco, só un pouco, comprensibles, porque lle debía tres meses de aluguer.

De novo volveu a soa-lo teléfono. Tal teima só era posible naquela incansable muller, así que cambiei de parecer e decidín recuperar por uns intres o xuizo. No caso de non o coller, estaba convencido de que á primeira hora do día seguinte ía te-la miña caseira chamando á porta, a berrar como unha tola.



Se non quería estar nunha situación difícil e máis propia dun daqueles cobradores de frac, o que debía facer era contestar ó teléfono. Díxenlle, facéndome pasar por un pobre abandonado, que o sentía na alma, que antes dunha semana lle pagaría todo, pero que remataba de mercar un coche e andaba un pouco apurado de cartos.

-Pois non sei para que quere vostede un coche, co bo e san que é andar.

Aquela chamada xa conseguira amargarme o día. Non sabía como lle ía pagar todo o que lle debía; como moito poderíalle liquidar unha mensualidade, pero todo érame imposible se pretendía sobrevivir unha tempada máis naquela xungla na que estaba a converte-la miña vida nos últimos meses.

Para anima-lo espírito optei por face-lo meu deporte favorito dun tempo a esa parte: tumbarme no sofá da sala de estar. Puxen a televisión, a miña única compañeira nestes tempos de miserias. O que saía do seu interior eran como foguetes nun día de festa, algarabía sen repouso, empregando calquera argumento por moi frívolo que fose. As imaxes que me resultaban abafantes e parvadas que se dicían nos programas, fixeron que a miña capacidade de sorpresa pasase dun estado de erosión a un inesperado aumento. Estaba claro, o sentido do ridículo non tiña cabida na pequena pantalla. Decidín ler un libro. Estirei a man e ó chou collín un calquera dos andeis da librería. Lin o seu título. Era, "Memorias dun amante sarnoso" de Groucho Marx. Decidín deixalo onde o collera. Non me quería sentir identificado co título.

De súpeto lembreime: ¡o paquete! Leveini para o meu cuarto; aínda non me decidira a abril. Gustábame retrasa-los momentos importantes. Era posible que o que ía achar no seu interior me decepcionase profundamente, polo que antes prefería imaxinar todo o que podería conter. Quizais esa teima era algo que me vifia de cando era un neno. Tódolos nadais agardaba que me mercasen unha bicicleta; soñaba con ela. Antes do día de Reis matinaba unha e outra vez no modelo que devezaba e que aspiraba a que me regalasen meus pais. Naqueles instantes previos disfrutaba colosalmente, deixaba voa-la miña imaxinación, algo que para un rapaz non resulta nada complicado. Toda aquela fantasía truncábase ó ver que non me compraban a cobizada bicicleta. Nunca puiden ter unha.

Dende entón decateime de que o mundo real era menos emocionante có da fantasía e afíxenme a gozae dos momentos anteriores ós da dura realidade.

Sentei na cama e coloquei riba dela o misteriso paquete. Mireino de esguello e non podía deixar de pensar no mesmo. Fixen todo tipo de conxeturas. Podería se-lo agasallo de vodas da que fora a miña sogra, pois cando casamos dixerá:

-Prefiro retarda-lo voso regalo, porque recibides tantos estes días que non tedes tempo para gozar deles. O meu levaréivolo á volta da viaxe de noivos e así con máis calma podedes dicirme se vos gusta e o que ides facer con el. Pasou un mes, e outro; un aniversario e o seguinte, así ata sete anos. Non, non podía ser un agasallo seu, pois a súa filla xa non vive comigo, e no tocante a min, nin nos mellores tempos me regalou unha gravata.

De novo volvíñ agarra-lo paquete e continuei facendo contas do que podería ser. Unha intensa suor comezou a percorrer todo o meu nervioso corpo. ¿Trataríase dunha bomba? Nas últimas semanas estábame a converter nun neurótico, que cría que me querían matar, que algún psicópata me perseguía, por iso tan só saía da casa cando era estrictamente necesario, ou sexa, para ir ó traballo e sobre todo para mercar tabaco. Púxeno preto da orella dereita e como non escoitei o clásico tic-tac do reloxo, respirei fondo e acouguei. Iso foi unha arroutada, ninguén se tomaría a molestia de mandarlle unha bomba a un ser tan insignificante e aburrido coma min.

Decidín abri-lo paquete. Xa eran dabondo as especulacións sobre o seu contido. A hora da verdade xa chegara, había que racha-lo misterio. Estaba un pouco inquedo, pensara e pensara tanto que me asustaba a posible desilusión. Tentei abri-lo coas mans rabuñando o papel, pero como viña atado cun cordel tiven que cortalo cun coitelo. Quedei abraiado, dentro había outra caixa como a de fóra, pero máis cativa. Non sía do meun asombro, porque dentro desa estaba outra e logo outra, coma se fosen as típicas bonecas rusas.

O corazón petábame con forza, coma o tambor dunha tribu africana, a suor esvaraba pola fronte e unha estrana sensación percorría tódolos meus ósos. Xa perdera a conta das caixas que con paciencia fun desenvolvendo e, ¡por fin!, na última había unha bolsiña de felpa que tiña dentro algo que avultaba. Abrina e alí estaba o agasallo. ¡Era unha pataca!

Unha pataca do máis común, de mediano tamaño, chea de terra. Quedei abraiado. No paquete podería haber calquera cousa, pero que alí houbera unha unha simple pataca endexamais se me pasara pola cabeza. Ante aquela situación comprobei, unha vez máis, que a realidade supera amplamente o terreo da ficción.

Metín a man dentro da bolsa para saber se contiña algo máis, aínda que fose unha cousa pequeniña, pero estaba baleira. Nin sequera unha tarxeta co nome do que se lle ocorreu semellante broma.

Como é natural, non acababa de entende-lo significado desa argallada. Collín a pataca e mireina con moita atención. Era unha pataca, non había máis voltas que darlle ó asunto.

¿De onde sería a misteriosa pataca? Sería da Terra Chá, de Betanzos ou da Limia. ¡Quen sabe! Do que si me percatei foi de que ó imparlle a terra, tiña moi boa pinta, estaba vizosa e fresca como a auga que sae cantareira do cano dunha fonte.

Comecei a acariñala con coidado, gustábame pasa-la man por enriba; o seu tacto semellaba os cabelos suaves dunha moza e o seu recendo a terra facíame sentir identificado coas miñas raizames labregas. Gustábame a pataca. Apartei un montón de libros que tiña dispostos sobre un moble da habitación e coloqueei alí a pataca.

Xa era tarde. Ó día seguinte debía de erguerme cedo, así que funme para a cama. Non era capaz de prende-lo sono. O meu pensamento seguía estando coa ditosa pataca. Acordeime de que cando estivera un ano estudiando en París, escoitara apaixonadamente a conferencia dun ensaísta alemán que nos dixo, a un auditorio formado maioritariamente por xoves universitarios, que a pataca era no seu reino o equivalente ó proletariado no mundo dos homes. Ela era a humilde, a menos considerada no mundo vexetal. Era un entusiasta da pataca, porque seguiu dicindo que era un tubérculo solidario cos homes.

Preguntouse a si mesmo: ¿E logo, quen fixo máis pola supervivencia do home, nos duros anos da fame, ca humilde pataca?

O público aplaudía sorprendido a intervención do homiño barbudo que volveu á carga dicindo en ton reivindicativo:

- A cambio, a pataca tan só recibiu desprezo, desconsideración por parte do ser humano.

Os asistentes miraban uns para os outros sen decirse nada, escoitaban abraiados a intervención do escritor que rematou coma se dun mitin se tratase, co puño en alto e con palabras apocalípticas:

- Virá un día, non moi lonxano, no que se producirá a grande revolución e farase xustiza á pataca, o símbolo dos desprezados polos dados da fortuna. ¡Viva a pataca!

Contaxiados polo entusiasmo daquel defensor inquebrantable da pataca, rematamos con fervorosos vítores ó humilde tubérculo

¡Viva a pataca!

Seguía sen pegar ollo. Acordeime de que a miña nai, cando non podíamos durmir, dábanos a min e a tódolos meus irmáns un pouco de leite morno, porque dicía que así durmiríamos sen darnos conta. Seguí o vello consello. Erguinme para quentalo nunha cunca. Ía frío. Se non me adormecía axiña, polo menos quentaría-me o corpo.

Un impulso inconsciente levoume a botarlle unha nova ollada ó meu presente. Seguro que ó conferenciante, do que non consigo lembra-lo nome, gustaríalle un regalo así, pero a min seríame de máis proveito o capón, o pavo ou o queixo.

Sempre me gustaron as patacas: fritidas, asadas ou preparadas en forma de cachelos cunha pinga de aceite. ¡Tempos aqueles! Agora haberá moitas modernidades, pero ese sabor producido polo feito coa suavidade dunhas mans foi desaparecendo.

De neno gustábame ver como os labregos recollían as patacas. O arado fendía a terra e quedaba ó descuberto ese froito que concebira nas súas entrañas. Antes de que o carro renxente as levase para o pataqueiro, querían presentarse ante os meus ollos, louzás e donas da terra recién removida. Moitas veces imaxinei un mundo perfecto convertido nun inmenso patacal.

De súpeto, decateime de que me quedara de pé ó lado da pataca coma un pasmón. Volvín a tocala e sentín o desexo de darlle unha dentada, de comela, dese xeito formaría parte de min. Nunca probara unha pataca

crúa. Mordina apertando fortemente os dentes. Estaba dura pero seguín machicándoa. Cando xa me quedaba pouco, os meus dentes bateron con algo máis consistente. Semellaba unha pedra. Mireina ben mirada e non daba creto ó que tiña diante. Era unha pedriña moi cativa, dunha nidia cor verde. Desprendíase dela un luminoso brillo. Era algo fascinante, nunca contemplara algo tan fermoso. Achegándoa ós ollos, a cor ía mudando nun verde refulxente, era como estar ollando o fondo do mar.

Decateime de que era unha esmeralda dentro dunha pataca, algo que non o pode imaxinar nin a mente máis fantasiosa. Sabía que algúns afortunados, máis ben poucos, recollían perlas no interior das ostras, pero esmeraldas dentro de patacas nunca llo escoitei a ninguén.

Metín a xoia nun fardeliño onde tiña gardada unha perrucona de ouro e algunhas moedas de prata. Coloqueina con moito coidado nun caixón da cómoda do dormitorio.

Fun por leite, bebino quentiño e agocheime entre os cobertores. Notei que os ollos me pesaban e quedei durmido. Ás dez da mañá espertei. Non escoitara o son do espertador. Seguro que o apagara sen decatarme ou, se cadra, as pilas volveron fallar. Sentíame descansado e ledto, sen saber moi ben por que. Lembreime de que soñara con que era un rei exipcio ó que adoraban por te-la pedra que proporcionaba, ós que se achegasen a ela, a eterna xuventude. As bailarinas danzaban ó redor dunha gran pedra verde que proxeccionaba uns raios que iluminaban os luxosos salóns palacianos.

Almorcei a presa e marchei inmediatamente para o instituto. Esa mañá tiña tres clases e dúas delas xa pasaran. Na cima das escaleiras vin ó director; aínda non chegara cabo del e xa estaba cos dedos dando uns toquiños no reloxo. Era o prosaico costume que empregaba cando algún profesor chegaba tarde.

Non estaba eu esa mañá para dar explicacións a ninguén, só lle dixen baixando apoucadamente a cabeza.

- Síntoo.

Quedou rosmando, pero eu xa estaba dentro da aula, lonxe da súa faciana de circunstancias. Non conseguía concentrarme no que lles estaba explicando ós rapaces e mandeilles facer uns exercicios. Non podía apartar

da cabeza a idea dunha pataca cunha fermosísima pedra dentro. Arelaba chegar á casa para botarlle outra ollada ó meu preciado tesouro.

Cando remataba as clases cedo, acostumaba a tomar unhas chiquitas na taberna da Lola. Nese bar poñían unhas tapas que aprobarían os deuses máis esixentes. Pero esa mañá non quería picar nada. Tan só tomei unha cervexa para despexa-la miña maltreita cabeza. Só quería chegar á casa. Sentarme cómodo e desfrutar ante a marabillosa esmeralda. ò mesmo tempo adicarlle unha sinxela homenaxe á pataca que xa formaba parte de mi, pero que antes me ofreceu un fermoso agasallo.

Cando cheguei á casa fun dereito ó cuarto no que deixara a pedra preciosa. Abrín a bolsiña e non estaba a esmeralda. O único que atopei foi  
¡UNHA PATACA!

2º ACCESIT

MANUEL-ORESTES  
RODRIGUEZ LOPEZ

NARRATIVA

## NOITE NEGRA. TRAXEDIA EN DOUS LANCES

Tres corvos gardaban silencio dende había dúas noites. Perante a súa fiestra enconada en humidades rosmaban soidades e agoiros agonizantes. O vello sabíao. Sabíao aínda que tentara escorrentalos co fuciño enferruxado ou coas mans baleiras. Pero o cheiro a morte podía mías cunha galoupada de ferro ó vento. A sentencia tomou corpo de ave e apousou na ponla da figueira espida coma unha maldición. Invocar, invocou ó ceo malía que sempre arrenegara do credo. Mais co mañá ignoto nunha presa valíalle máis apreixar na outra un lonxano *padrenuestro*.

No nome do Pai. As noites caían pesarosas coma a néboa no río.

No nome do Fillo. Unha alma desaqueloutrada a vagar insomnios polas corredoiras.

No nome do Espírito Santo. A cegueira eterna nunha noite de invernía.

As olleiras pesaban coma a conciencia naquela cara enrugada e chea de poutas de antano. Un vello so nunha casoupa da aldea de Arrolá. Agardaba a morte perante o lume esperando escoitar dun intre ó outro o desvanecer dos sentidos. Aquela noite chovía coma nunca denantes oira... O vento zoupaba cheo de carraxe nas tellas feridas polo paso dos anos. As contras abaneaban coma avelaíñas que nunca emprenden o voo e quedan, arañadas, a bater incesantemente no chan. Nun intre parou o trebón e fíxose o silencio medoñento do frío que se coa por entre as pedras coma un asasino na percura da presa.

Daquela escachou un cristal e o vello pechou os ollos en agardando o momento decisivo A Compañía. De socato sentiu uns golpes na porta: *aí vén o enxamio, e desta vez é por min*. Termou do bastón, botou auga nas brasas e persignouse. Unha voz endiañadamente humana chamou por el. Un *Ouuu Manuel...* sentiuse ecoar no baleiro da cociña deixando unha rastreira de ultratumba. Prendeu da luz eléctrica e foi abrir cos ollos arregalados polo espanto de quen non sabe que figura inmunda vai topar tralos barrotes. Unha sombra envolta en auga fíxolle un aceno dende o alpendre. Non acertou a distinguilo de primeiras. Non se atreveu a preguntar. A figura deu un paso adiante e tralo chuveiro verde de mariñeiro descubriu o fociño encarnado do Ramón do Lisco. Ou sería unha aparición. Pero dúas verbas mal encamiñadas nun tatexar inconfundible quitárono de dúbidas. Ramón do lisco, fillo dos Ezequiel. E un este algo quer desacougou ó vello.



A sombra con nome atravesou o limiar e acarrouse perto das cinzas aínda fumegantes. *E, habrá algo co que quentar o bandullo e matar esta endiañada sede* -rosinou enter dentes. O vello avanzou en silencio cun temor profundo roubándolle a nitidez da mirada. Acertou colle run vaso, botar media de guinda e sentar nunha banquetta perante de.

A figura bebeu un grollo, limpou o bico coa man e ficou ollando a cinza. A auga corríalle polo lombo e maila perneira deixando unha poza de auga ós pes. *Véñoche dicir -sorriu- que mañá van os camións ó monte cargar nos <alcolitros>*. O vello notou unha badalada xusto ó carón da orela. Tantos berros e maldicións co pai para que agora lle viñera o fillo con estas. Dixérallo e dixérallo milleiros de veces. Aquel carreiro era seu e non permitía máis co paso dun carro de vacas. Nin coche, nin furgón nin lerias. Tralo reparto da parcelaria quedara ben claro cal era a pista e cal non. Os de Ezequiel, ruíns onde os houber, quedaran cun monte, ben rico por certo, xusto á beira da súa. Xa houber daquela máis que palabras por mor dos lindeiros. O vello xurou que había matar un se os pedreiros non volvían ó seu rego. E os pedreiros volveron. Canto había daquela, aínda vivía a Balbina, que Deus a teña no ceo. E agora o desgraciado do Ramón volvía coa mesma lería.

O vello ergueu e agarrouno polo brazo convidándoo a saír. Quixo crear que a bebedeira era doada de levar. Mais o Ramón sacodeu o brazo, *¡miña xoia -proferiu entre hipos e gargalladas- toda a vida a morrer de fame por un cacho de area e toxo para que agora quede en estrada de merda!* Ríu a cachón coma un tolo. Vir rirse así dun vello era cousa de pouco home. O vello quixo darlle un empurrón e botalo de diante. Notaba as fazulas quentes e que o sangue lle fervía nas presas. O malparido revirouse contra el e cuspeulle. Daquela a reuma perdeu consistencia e as enrugadas aguilloáronse a carón dos ollos. Apertou as mans pero ó ver aquel corpo fillo do demo a mofarse del na súa propia cociña non soubo -non quixo- conter a carraxe.

Empurrouno unha vez máis. En canto se erguía ós poucos por mor do riso, o vello achegou á chinero e buscou co tacto o coitelo da matanza. Palpou a madeira rugosa nas mans quentes e agarrouno con forza. Suaba pingas de xeo. Sentiu as gargalladas batendo nos miolos coma as ondas se espetan nas penas. Monótonas coma un eco, íanlle roubando o siso. Pouco a pouquiño o rato da senrazón roeulle a templaza. Sen mediar palabra achegouse á sombra e sen vacilacións espetoulle o coitelo no ventre. Os ollos da figura tomaron amarelos e enmudecidos pola sorpresa. A boca percorrou alento cando xa non había que respirar e os acenos burlescos

perdéronse nun intento van por asir a vida. E o espírito escorregou cara ó inferno as mans do vello. Un inconfundible cheiro a fresquíu inundou a cociña.

O vello súas mans quentes e pegañentas de suor e sangue e atinou a rosmar un *fillo de puta, cabrón*. O chan tinguiuse de vermello e auga. Fóra deu en chover tanxendo o derradeiro estertor. Sentou na bancada derreado tralo esforzo. Mirou a sombra envolvida en humidades e co pensamento guiado polo instinto agarrouno polos pes e arrastrouno cara o cortello. Tivo que deterse varias veces para coller aire. Ó seu paso deixaba un regueiro de sangue fedorenta é vísceras perdidas. Abriu a cancela e sentiu ós porcos fozar na escuridade. O vento silbaba letanías dende o trebón. Zorregou o corpo no cortello e escoitou coma a cabeza escachaba contra a bacía. A placidez do destino cumprido empurrouno cara a noite. Atravesou a eira e ás apalpadelas termou do galleto. Colleu un feixe de toxo e carregouna ata as cortes. Aínda fixo tres viaxes denenates de sentar definitivamente no alboio. Escorregaba auga ata o silencio so escachado polo fozar dos porcos e maillo bater da ventisca. Prendeu a ollada no tecido neboento dunha araña e alí quedou, inmóbil, cavilando na nada. A sentencia fora cumprida. Non tiña por que se laiar: a morte sempre avisa.

Tres corvos gardaban silencio dende había dúas noites cando a parella topou ó vello sentado coa mirada baleira en canto dous porcos fozaban nos restos fedorentos dunha sombra.

A última bafarada de fume que saiu dos seus beizos quedou pendurada do ar sen atrever a esvaerse na noite. Escampara había un pedazo, pero aínda ficaba un cheiro ácido a humidade mesturado co salitre do mar. O vento mareiro roíalle na cara con cuspes de sal. El permanecía inmóbil á espreita. Apreixou o chufasqueiro contra sí na percura do caloríño pero tan só sentiu como as pingas lle escorregaban lombo embaixo. O estrondo das vagas e a claridade da tona da auga anunciaban a chegada incipiente da tempestade. O faro emitía berros luminosos de alerta ás súas costas. Daquela un arrepío sacudeulle o corpo enteiro. Cismou en segundos unha fuxida a tempo mais houbo unha forza penetrante que lle obrigou a quedar. Haber, habería treboada no mar pero el non tiña nada que temer cos peixes no xabre. No medio das ondas alporizadas atinxiu o débil escintileo dun foco. A luz tremaba nun vaivén continuo. El botou a man ó peto e sacou a lanterna. Emitiu o sinal acordado e, tras dun minuto de incertidume, obtivo resposta.

A dorna loitaba con fereza por entre a escuma. El escoitaba os berros dun home a baterse contra as entranas da Natureza e pensou que a desgracia estaba demasiado perto. Mais non se moveu. Continuou de pe coma unha estaca no medio e medio da chuvia que paseniño, paseniño estaba a anegarlle os ósos.

Aqueloutro home aturuxaba de pavor por entre as ondas e cavilaba, quizáis, o perto que estaba da salvación. Sucedíanse imaxes dantescas. El teso na beira sen mover un músculo da cara; o outro home a zoupar con brazadas de remo contra a furia dos elementos. O tempo estancara na calma chicha do desacougo e el pensou, doutra volta, que aquilo cheiraba a derrota.

O mar de algas e restos de naufraxios botou de socato á pequena embarcación cara a beira. Aquel home botou corpo á terra cos ollos chorosos tentando apreixar o xabre que lle escorregaba por entre as mans. El ficaba teimudo sen atreverse a respirar aínda. Agora tocáballe a el.

Achegou a gamela e comezou a descargar os fardos, húmidos polo salitre. Abreu un para comprobar a calidade da mercancía e veu as caixas vermellas de tabaco rubio perfectamente amoreadas. Perfecto. Contrabando de pouca monta co que sacar cartos extra, alén do quefacer diario nas fodidas mareas. Cartiños doados por unha vez na puta vida. O outro continuaba de costas na area. Daquela el presentiu a incipiente chegada da desgracia. Un rumor xordo sacodíalle unha e outra vez os miolos. Tan doado alíi diante, que ía saber quen fora, namáis un malpocado borrachín ó que ían acabar collendo por meterse en cousas que non lle importaban. Nestas, deu en chover máis forte.

Baleirou tódolos fardos e meteunos no coche. O verme roía e roía sen deixar lugar para a razón. Sentado ó volante decatouse de que aquilo non podería ficar así. Habería vinganza. Saiu de novo á friaxe da noite. A auga caía a mancha. O corpo do home continuaba esgotado na area. Cando el se achegaba revirou e botou o bandullo cara ó ceo pedindo auga. Ó notar as pingas zarrapicándolle na cara abriu a boca ata sentir a dozura húmida das gotas a espetarse na lingua. El ficou inmóbil a tres metros.

A choiva cegáballe a visión e o ruído da tempestade fíxolle crer que non era real. Sacou a pistola do peto. Acariñou o ferro frío e apousou o índice no gatillo. Nunca sentira o pelexo dunha arma nas mans. E, quizáis, era máis frío do que nunca maxinara. Tan doado alíi diante, e tanta

miseria a piques de esmorecer con aquelas caixas so para el. Alomenos medio quilo de ganancia. A avaricia deu con boa compañeira na lembranza da escravitude do traballo cotián. Abriu os ollos e, sen sangue, disparou. Disparou tres veces ata que aquel corpo parou de se remexer. Non conseguira escoitar os tiros na negrume do trebón. Non lle vira a cara ó defunto. Pero aquel arrepiancheiro a pólvora encolleulle a alma. Quedou un intre mñais debruzado perante o vulto.

Logo, avanzou paseniño cara ó vehículo e pisou o acelerados. Pensaba, tal vez, que a velocidade deixaría tamén a sombra do home e con el o doente cheiro a queimado que se lle estaba a facer cada vez máis grande no peito.

A parella prendeuno ó día seguinte cando ía cos compañeiros para a marea. Veunos vir polo peirao e soubo que ían por el. Non escapou, deixou que lle ataran as mans ás costas e calou. Daquela pensou que aquilo cheiraba demasiado a desgracia. O ronsel pestilente a pólvora seguiuño ata o cuartel e seguiríao ata o limiar da morte cando tiver que botar contas.

Aquela mañá a aldea acordou tremando inquietudes e maldicindo saloucos. Os veciños da porta con porta non se atrevían a se mirar ós ollos por medo a a topar neles unha acusación ou unha mentira. Xa non sabían en quen confiar, nin que crer, o espírito da comunidade fora sachado a golpe de raño. Trala noite negra veu un amencer enxoiado e seco ata as entrañas. A morte deixara unha restreira de silencio e os sucesos parecían pesadelos do que nunca ocorrera. Pero había dous corpos, dúas sombras para espetar nos ollos que aquela era o fin, aquela era a realidade. Cando se soubo dos asasinados quen máis quen menos atreveu a falar, a maldicer, a salaiar, a amosar o seu desconcerto, a pregar ó ceo por unha razón que sabían de antemán inexistente.

O tempo deu en chorar soidades. As mulleres negras botáronse ós carreiros a carpir lembranzas e desasosegos. Os homes, taciturnos, sentaron na bancada do peirao a rosmar o desastre caído do ceo. Nunca tal se acordaba. E, en segundos, a aldea encheuse de xornalistas e curiosos que viñan preguntar o non se sabía que.

Algúns deles mastigaban titulares con estrano gusto a misería.

*Cabeceiro: Ajuste de cuentas en el narcotráfico gallego*

*Antetítulo: La Guardia Civil ha detenido a un vecino de la localidad pontevedresa como presunto asesino*

*Título: UN NARCOTRAFICANTE FUE HALLADO MUERTO A BALAZOS EN UNA CALA DE ARROLÁ*

*Cabeceiro: Asesinato en la Galicia profunda*

*Antetítulo: La víctima fue encontrada en las cerdeiras del asesino con una herida de arma blanca en el vientre*

*Titular: UN OCTOGENARIO MATA A SU VECINO EN UNA DISCUSIÓN POR EL PASO A TRAVÉS DE UN MONTE*

Ata que alguén ousou botar fóra o que todos cismaban dende o albor. Víase vir, víase vir, xa o seu avó fora ruin, a quen se lle acorda. E unha vella espetou que xa o lóstrego do horizonte anunciara a desgracia. E outro topara ó morto por un camiño co cadaleito baixo o brazo había un ano. E aqueloutro resumiu, víase vir, a desgracia víase vir. Coma se o anuncio minimizara a derrota, coma se a fin agoirada imposibilitara o cambio. A sentenza fora cumprida. E non se podía loitar contra o destino.

Os dous homes quedaron sentados cara a cara. O cuartel filtraba auga en tódalas estancias, so quedara a salvo do trebón a secretaría. E alí ficaban ámbolos dous coas mans maniatadas ás costas. Os dous fronte a fronte soubéronse polos ollos culpables e quixeron percurar no outro a resposta á súa senrazón. Coma se no outro puideran ler o sen por que. O silencio. Ollos olleirosos con bolsas de auga colgando das fazulas. Corpos cheos de merda por fóra e por dentro. Míolos que rolaban e arrolaban arredor dunha, dúas imaxes espetadas.

Un miraba aterrado como os porcos fozaban nunha sombra sanguinolenta. O outro espreitaba ó seu redor na percura do cheiro a pólvora que lle asolagara o maxín.

Os dous homes, cara a cara, fronte a fronte, interrogábanse en silencio ignorando que lles depararía a mañá.

Den en chover de novo. A escuridade e maila choiva acabaron anegando o tempo ata que o telón decidiu que era mellor ocultar a merda do escenario.

MANUEL

RODRIGUEZ LOPEZ

FILLO PREDILECTO

DE PARADELA

## BIOGRAFIA

MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ, poeta, escritor e traductor, naceu en Randulfe, San Miguel de Paradela (Lugo) o 11 de decembro de 1934. Residiu na emigración en Barcelona dende os seis anos ata 1987, data na que se afincou definitivamente na cidade de Lugo, onde faleceu o 13 de febreiro de 1990.

Fixo estudos de Humanidades e Filosofía no Seminario Diocesano de Barcelona, e de Contabilidade e Lexislación Laboral, traballando como xefe administrativo do departamento de personal nunha industria siderometalúrxica.

O longo da súa vida demostrou unha gran preocupación pola cultura e por Galicia, tanto na súa longa emigración en terras catalanas, onde chegou a ser cronista de tódolos actos referidos a Galicia celebrados en Catalunya, coma unha vez establecido en Lugo.

Froito das súas actividades literarias, publicou diversos libros nos que firma como Manuel Rodríguez López, permanecendo parte da súa obra inédita. En verso publicou: "*POEMAS POPULARES GALEGOS*" (1968), "*SAUDADE NO BULLEIRO*" (1970), "*SOLDADA MINIMA*" (1979), "*ONTE E HOXE VIVENCIAL*" (1995) e "*A ATLANTIDA*" (1995), traducción ó galego da obra de Jacint Verdaguer. En prosa: "*REENCONTRO COA ALDEA*" (1983), "*GALEGOS EN CATALUNYA 1978-1982*" (1983), "*GALEGOS EN CATALUNYA-2*" (1985), "*VIAXES CON ANXEL FOLE*" (1988), "*FESTA DA VIRXE DAS DORES DE PARADELA 1989*" (1989), libro-programa das festas e "*VOLTA A ESPAÑA A PE*" (1990), traducción ó galego do libro de Manolo Silva.

Ademais, colaborou en diversos libros colectivos, entre os que se atopan "HOMAXE O CHE" (1970), "ANOSA TERRA" (de "Libro de Oro", no centenario de Ramón Cabanillas) (1976), "HOMENAXE MULTINACIONAL A CASTELAO" (1976), "GALICIA NO ANO 1979" (1979), "JOSE M<sup>a</sup> ACUÑA" (1983), "OS ESCRITORES LUCENSES ARREDOR DE FOLE" (1986), "VOCES POETICAS" (1987) e "ALIAD-ULTREIA. POESIA. PINTURA" (1993).

Acadou numerosos premios, entre os que destacan os primeiros premios de poesía "MEIGAS E TRASGOS" de Sarria nos anos 1976 e 1980 cos poemas "TI ES ETERNO" e "NEOPLASIA", respectivamente; o Premio Xosé M<sup>a</sup> Chao Ledo no III Certame Literario de Vilalba, en 1977, con "A EMIGRANTE" e o primeiro premio do Certame Literario de Begonte en 1985 coa obra "NOITE DE NADAL".

En prosa, coa peza teatral «VIVIMOS UNHA LONGA TRAXEDIA», conseguiu o primeiro premio «Nós» de Barcelona en 1980; ademais, en Sarria mereceron premio os seus contos «A MEIGUIÑAMEIGA E OS TRASGOS» (1977) e «QUEN ME DERA ATOPARME CO TRASGO» (1986) e, en Baracaldo, «BAIXA VOLUNTARIA» (1978). Nos «PREMIOS GALICIA DE XORNALISMO», quedou finalista na sección de «Reportaxe», nas convocatorias de 1985 e 1987.

Manuel Rodríguez López colaborou asiduamente en medios informativos de Galicia, Catalunya e Arxentina. Publicou gran cantidade de artigos en diversos xornais e revistas de Buenos Aires; en *Coordenadas e Dorna*; no *Boletín*, en *Treboada* e *Alborada* do Centro Galego de Barcelona, do cal foi Cronista Oficial. Foi corresponsal de «Faro de Vigo» e de «El Ideal Gallego» na Cidade Condal, onde firmaba como MANUEL-ORESTE R. L., e habitual colaborador de «El Progreso» de Lugo, «La Voz de Galicia» e «Praza Maior» (voceiro do Concello de Lugo). Ademais, colaborou en temas de historia lucense, monumentalidade e viaxes en



«Radio Nacional de España» en A Coruña e «Radio Popular» de Lugo.

Xerardo Moscoso, Suso Vaamonde, Alfredo González e M<sup>a</sup> Carmen Otero musicaron e cantan varios dos seus poemas en numerosos recitais.

Co gallo do seu pasamento, foi nomeado «Fillo Predilecto do Concello de Paradela» e «Lucense del año», inaugurándose tamén en 1990 a Casa de Cultura de Paradela co nome de «Manuel Rodríguez López».

## O AVELINO DE RANDULFE

O Avelino de Randulfe é moi querido en Paradela; pero tamén, a moitas horas de tren, lonxe da súa Terra, ten amigos e veciños que lle queren ben e gozan de falar con el porque é un home moi bromeiro e sempre cun fardel de contos novos deprendidos a carón da lareira ou nas xuntanzas cos compañeiros nas casas da Pega, do Xerardo ou do Serafin; no adro da igrexa e mesmo nas rogas; no tempo da seitura ou na bouza...

Durante uns días, poucos abofé, na Cidade Condal, onde traballei ata hai dous anos que voltei á Terra e me afinquei en Lugo, compartín xantar e teito co tío Avelino de Baixo de Randulfe.

¡Moito medra o home lembrando e contando cousas da nosa Terra! A súa voz é potente coma o trono cando trata de cousas serias: mortes, estragos, inxusticias... Escacha coa risa se o conto é un algo cargado de pementa e pebre... Tórnase engaioladora cando fala cos meniños, que atenden os seus ditos e bromas, xogan, amigan con el e xa non se lle ceiban. Madia leva: ¡Non hai home máis neneiro que o Avelino de Randulfe!

### **A Pedra de Nai**

Pero tamén os maiores reloucamos cos seus contos.

-¿Vai que non sabedes o conto da Pedra de Nai?, preguntou.

-¿?

-Cando eu era mozo había un matrimonio que vendía trangalladas en Nai -daquela celebrábase feira no lugar- e, no chan, a carón dunha pedra

onde se sentaba a vella, pousaban as mercaderías. Seica tiña moita clientela; pero sucedeu que morreu o patrón e a paisana deixou o choio e sempre andaba a lairse:

-¡Ai, miña pedriña de Nai! ¡Ai, miña pedriña de Nai!

As fillas xa estaban cansas de tanto laio e a máis nova delas deu en cismar e díxolle ás irmás:

-¿I-el non terá acubillado baixo da pedra a morea de pesos que, segundo as linguas da xente, empetou co noso pai?

A cubiza do tesouro foi a causa de que as catro rapazas acordaran levar á nai, chea de achaques a coitada, nun carro, sentada como unha madame en almofadas de la ben espilida para que non se mazara cos tumbos do armatoste, a rolar polas corgas cheas de lama e coios...

En chegando ó campo da feira, a vella transfigurouse coa ledicia e cäl non sería o aglaio das fillas cando a nai, esfregando as pousadeiras na pedra, deu en berrar sen acougo:

¡Ai, pedra de Nai, pedra de Nai, canto aquí gocei co voso pai!

**Manuel Rodríguez López**

Do libro *Historia, xentes e contos de Paradela*

Inédito

## PARADELA

¡Que verde e agarimosa a terra miña,  
que poética na noite,  
que algareira e riseira polo día!

Cando se viste o ceo de mouras tebras  
saen grilos troveiros  
para cantar á lúa voandeira.

Cando esperta o sol, roxo ca ledicia  
ó ver eidos galegos,  
choutan paxaros riba das floriñas.

Que verde e agarimosa a terra miña,  
que poética na noite,  
que algareira e riseira polo día!

Por iso, cando Apolo torna ó seo  
do mar enfurecido,  
tanto sofre que tórnase marelo.

Manuel Rodríguez López

Do libro *POEMAS POPULARES GALEGOS*

(Ed. Celta-Lugo, 1968).